



Energía

EFICIENCIA O maior peso das renovables e a dispersión dos centros de produción obrigan a axustar oferta e demanda de xeitos innovadores

O FUTURO SERÁ DAS REDES ELÉCTRICAS INTELIXENTES

MÁIS DO 60% DA PRODUCCIÓN EN GALICIA XA PROCEDE DE FONTES NON CONVENCIONAIS

Henrique Neira · Santiago

O espectacular crecemento das enerxías renovables nos últimos anos fan necesaria a introdución de cambios na estrutura de distribución, o que implica deseñar "redes intelixentes capaces de actuar automaticamente ante un novo modelo de xeración con maior peso das renovables e menos centralizado", salientaba onte o conselleiro de Economía e Industria, Javier Guerra, na apertura da xornada que sobre as redes eléctricas intelixentes organizou en Santiago a Fundación Gas Natural Fenosa co apoio deste departamento da Xunta.

No encontro participaron profesionais do sector, que expuxeron os avances neste terreo, cun panorama enormemente cambiante no que "en doce anos en España duplicouse a capacidade de produción instalada", explicaba Santiago Blanco, director de Enerxía, Transporte e Distribución de Indra Sistemas, e duplicouse polo auxe das instalacións eólicas e solares e dos ciclos combinados de gas, fundamentalmente. Outro dato axuda a entender mellor a profunda transformación do sector eléctrico: pasouse de 975 puntos de produción de enerxías renovables no ano 2000 a un total de 54.450 no ano 2010, e todos eles teñen que estar conectados ás redes eléctricas e polo tanto hai que xestionar esa produción.

Así, como lle indicaba a este diario o director xeral da Fundación Gas Natural Fenosa, Pedro Fábregas, "o reto é trasladar ós clientes a produción descentralizada, sexa eólica, solar, de biomasa, de centrais hidroeléctricas, de carbón ou gas", tendo en conta que a actual rede eléctrica "non estaba pensada para ter xeración en todas partes".

Por iso, indica Fábregas, "fai falta unha posta ó día para atender novos usos coma o do coche eléctrico, se agora mesmo se conectara un millón de coches en España en hora punta, habería que construír máis centrais para cargar os coches, cunha capacidade que estaría ociosa o resto do día". En lugar diso, o que se pode facer é "que os coches se carguen de madrugada, cando hai capacidade de sobra". Pero entón "necesitase tecnoloxía capaz de controlar todo isto, poñer as TIC sobre a rede eléctrica, para manexala de acordo coa información en tem-



Tomás Gómez, esquerda, Santiago Blanco, Manuel Ludevid e Blanca Losada, nun momento do evento



Case duasetas persoas asistiron á xornada en Santiago

PUNTOS DE INTELIXENCIA

Contadores máis avanzados

Tal como lembra Pedro Fábregas, os contadores intelixentes son unicamente unha pequena parte das redes eléctricas intelixentes que teremos no futuro, e "permitirán xestionar mellor a oferta e a demanda". Con todo,

coma todas as tecnoloxías, para que se usen na práctica "requerirán investimentos" e polo de agora "non hai prazo" para a súa posta en marcha, senón que se irán instalando pouco a pouco ó tempo que se moderniza a rede.

po real: así poderíase decidir parar de cargar os coches ou deter as lavadoras nun momento dado e despois reanudar a carga".

O director da fundación lembra que aí xorde o concepto "de internet dos obxectos, conecta cousas a internet e pódelas manexar, por exemplo xa hai bombillas con enderezo IP que podes acender ou apagar a través da rede, pero xeneralizar esta tecnoloxía levará anos, e o máis urxente é integrar as renovables, xa que os puntos de produción están desagregados e a produción é intermitente". Ata o momento as posibilidades de almacenar enerxía eléctrica son reducidas, aínda que hai experimentos coma "os encoros, os saltos nos que se volve bombear a auga para arriba, para producir enerxía de novo cando se necesite, ou nas centrais termosolares, onde se aplica calor a sales fundidas, pero só se conserva por unhas horas".

Outro dos desafíos para o sector no futuro é o de reducir o consumo final de enerxía, un obxectivo da Unión Europea para o 2020, xunto coa redución das emisións de gases de efecto invernadoiro e conseguir que as renovables supoñan un 20% como mínimo da produción. Xa non é só de bombillas de aforo enerxético, senón repensar moitas cousas: "en España o consumo en iluminación pública é de 120 kw/h por habitante e ano, mentres en Alemaña é de 40 kw/h, por tanto hai que mirar por que hai esta enorme diferenza entre países", indica Pedro Fábregas. ●